

## INFORME DE XÉNERO AO LIBRO BRANCO DA ESCRITA

María Reimóndez

### 1. INTRODUCCIÓN

Hai xa moitas décadas que a chamada “desagregación de datos por xénero” se constituíu como unha ferramenta fundamental dos feminismos promovida por institucións de todo tipo, dende as Nacións Unidas ata o Banco Mundial ou a OCDE<sup>1</sup>. Esta estratexia forma parte da transversalización do xénero que se recomendou xa na conferencia de Beijing do ano 1995. Introducir datos por xénero axuda a visibilizar aquelas persoas ou colectivos máis afectados negativamente por unha situación concreta e orienta á hora de introducir políticas correctivas.

Neste sentido, é fundamental saber en todo momento con que identidade de xénero se identifican as persoas que contestan a unha enquisa, pois vai ser un dato fundamental á hora de interpretar logo como un sistema concreto, no noso caso o literario, actúa de forma diferente e ofrece privilexios ou desvantaxes a certas persoas segundo a súa identidade.

**Introducir datos por xénero axuda a visibilizar aquelas persoas ou colectivos máis afectados negativamente por unha situación concreta e orienta á hora de introducir políticas correctivas.**

Neste punto cómpre sinalar que o entendemento actual do xénero como ferramenta de análise foi ampliada para non só visibilizar a situación das mulleres senón tamén doutros colectivos ou identidades que o sistema cisheteropatriarcal deixa nas marxes. É por iso que cómpre introducir novas ferramentas ás análises clásicas do enfoque de xénero para

---

<sup>1</sup> Véxase por exemplo <https://www.oecd.org/gender/governance/toolkit/government/assessment-of-gender-impact/disaggregated-data/>, <https://lac.unwomen.org/es/digiteca/publicaciones/2021/05/efectos-diferenciados-por-genero-de-covid-19>, chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://www.inmujeres.gob.es/observatorios/observlgu-aldad/estudiosInformes/docs/016-analisis.pdf, <https://www.cig.gov.pt/2021/10/cig-apresenta-dados-estatisticos-desagregados-por-sexo/>.

sermos coherentes coa ollada feminista con respecto á creación de poder e das desigualdades. As contribucións dos movementos LGBT e do activismo trans axudan a comprender que mesmo dentro dun colectivo de seu secundarizado como as mulleres hai factores adicionais de desigualdade (racialización, clase social, orixe, orientación sexual, identidade de xénero, norma lingüística, discapacidade...) que impiden o acceso á palabra pública ou a medios materiais relevantes para coñecer calquera sector, tamén o literario.

Todas estas cuestións deben ser introducidas en calquera análise que se realice do sistema literario en Galicia, pois temos evidencias testemuñais de que as mulleres e disidentes de xénero non reciben o mesmo tipo de trato dentro do sistema literario e que mesmo se dan formas de violencia de xénero que van dende o discursivo (insultos, ataques recorrentes e de virulencia en redes sociais, comentarios sobre o aspecto) ata o psicolóxico (minusvaloración constante do traballo literario), social (falla de tempo para escribir por sobrecarga de tarefas de coidado) ao físico (acoso sexual, maltrato). Algunhas destas formas de violencia son comentadas publicamente polas autoras en diferentes palestras ou poden constatarse acudindo ás redes, mais é importante que queden constatadas en ferramentas coma o Libro Branco.

Nun clima de neomachismo imperante no que os agresores utilizan repetidamente a estratexia de erixirse en vítimas e de poñer en dúbida as testemuñas, mesmo no espazo ficcional, cómpre máis que nunca ter un acceso certo a datos que axuden a arroupar es superviventes e que ofrezan un espazo seguro e anónimo para poder relatar de forma fidedigna de que xeito os axentes do sistema literario se comportan con aquelas que non responden ao perfil hexemónico “do autor”.

Só cando se visibilizan as cuestións estruturais que conforman as experiencias individuais somos capaces de obter unha visión ampla e realista do sistema literario galego e dos axentes que nel actúan. Neste informe tentaremos presentar algunhas suxestións para que estas cuestións de vital importancia queden reflectidas no Libro

Branco. Para iso seguiremos a estrutura do propio Libro e comentaremos cuestións de relevancia para cada unha das seccións.

## **2. ANÁLISE E RECOMENDACIÓNS POR SECCIÓNS**

Nesta sección incluíranse unha serie de comentarios e recomendacións a partir do texto do Libro Branco (Informe de Resultados 2021).

### **2.1. Caracterización demográfica**

Resulta interesante comprobar que o Libro Branco xa contempla unha formulación do xénero aberta, o cal é de vital importancia, se ben resulta aínda problemático nomear os xéneros en binario e incluír o resto como “outras identidades”. Sería importante que as persoas puidesen elas mesmas denominarse co xénero que lles parece axeitado.

A maiores, estes datos non son explotados logo no resto da estrutura da análise, dado que esta desagregación de xéneros queda limitada a esta sección. A desagregación dos xéneros debe levarse a toda a enquisa e deberían incluírse preguntas específicas para as mulleres e persoas que se identifican con outros xéneros e/ou preguntas que afonden en cuestións que, sen este tipo de análise, quedan reducidas a meros comentarios colaterais, como veremos logo.

*Recomendacións:*

*-Revisar que a formulación á hora de indicar o xénero co que se identifica cada persoa é aberta e non pechada, é dicir, que cada persoa pode inscribir o seu xénero e non escoller dunha lista.*

*-Cruzar os datos de xénero con todos os demais vectores de análise e desenvolver preguntas específicas para as persoas que NON se identificaron como homes.*

### **2.2. Perfil profesional e traxectoria**

Se ben o Libro Branco xa inclúe unha consideración xeral sobre o feito de que as mulleres e disidentes de xénero teñen menor presenza e menores ingresos derivados da escrita ca os homes, se cadra cómpre afondar nesta e noutras cuestións que son relevantes. Por unha banda, relacionar estes datos coa desigualdade salarial xeral axuda a desfacer mitos machistas no sector literario, unha cuestión que sen dúbida debería aparecer nas conclusións do Libro. Isto axudará a poñer en perspectiva certas afirmacións de

dubidoso fundamento nas que se pensa que a escrita é un espazo máis “equitativo” para as mulleres.

É fundamental que nesta sección se inclúan os desgloses de xénero para cuestións como o número de obras publicadas, venda de dereitos de tradución ou os premios recibidos. Aquí tamén hai percepcións que circulan no sistema literario sen fundamento e que cómpre entender mellor mediante estes datos. Sería interesante comparar os resultados da enquisa cos datos de publicación e premios por xéneros para dar unha panorámica máis realista destes puntos (é dicir, cantas mulleres/homes/outras categorías publicaron libros ou recibiron premios no último ano?).

Pola outra, cómpre se cadra afondar nestes datos que se resumen a unha liña con información máis cumprida. Propoñemos algunhas preguntas adicionais para as persoas que non se identificaron como homes.

Con todas estas novas cuestións poderanse tirar conclusións no Libro Branco sobre ata que punto as circunstancias sociais e do privado inflúen en datos como os ingresos de homes e mulleres/disidentes de xénero. Cómpre tentar dar máis corpo ao dato do 3% de mulleres só que teñen máis do 50% dos seus ingresos derivados da escrita. Así, explorando as cuestións que se propoñen poderemos saber se isto se deben, por exemplo, a un menor número de obras ao longo da carreira profesional (co menor nivel de ingresos que isto suporía) por atender traballos de coidados, por interrupcións, por desánimo derivado de situacións discriminatorias (isto explorarase máis na seguinte sección).

#### *Recomendacións*

*-Relacionar os datos que se apuntan, como a diminución de ingresos das autoras durante a COVID ou a diferenza de ingresos en xeral coas cifras máis globais da economía en Galicia: é a escrita un grupo onde esas diferenzas de ingresos son equiparables a outros sectores da economía ou maiores/menores?*

*-Incluír datos de xénero para publicacións, premios e dereitos de tradución e correlacionalos cos datos de publicacións e premios que se extraen dos catálogos*

*editoriais e dos premios existentes nas diferentes categorías. Deste xeito poden enmarcarse os resultados da enquisa nunha realidade estatística máis ampla.*

*-Ademais das preguntas máis de tipo cuantitativo cómpre engadir algunhas de tipo cualitativo para poder avaliar algunhas barreiras de xénero que poderían explicar certas situacións. Isto pode facerse a través de preguntas como as seguintes:*

- ❖ *Pensas que tes tempo suficiente para dedicarte á escrita? Se a resposta é “non”, cales son os factores que impiden esa dedicación que che gustaría ter? Que factores cres que facilitarían chegar ao tempo ideal para ti?*

*Mediante estas preguntas, que se poden facer a todo o grupo que respondeu ou só a aquelas persoas que non se identifican como homes, podemos analizar se hai impedimentos que teñan que ver coa precariedade laboral, coa sobrecarga de traballos de coidados ou con outras condicións sociais que sabemos que están derivadas da asignación patriarcal de tarefas por xéneros.*

- ❖ *Consideraches algunha vez deixar de escribir? Por que motivo?*

*Aquí podemos explorar os motivos de tipo social ou privado que fan que as autoras en moitos casos interrompan ou abandonen a súa carreira literaria.*

- ❖ *Tiveches algún período no que che foi imposible escribir? Cales foron os factores que o determinaron?*

*Con esta pregunta podemos afondar en se circunstancias como atender outras persoas na familia (partos, crianzas, persoas maiores e/ou dependentes), activismo, situacións de maltrato, enfermidades, etc. provocan interrupcións na carreira literaria e se isto é máis marcado nas mulleres e disidentes de xénero ca nos homes.*

- ❖ *Se non te dedicas en exclusiva á escrita, de que xeito inflúe a túa outra ocupación na escrita? Axuda a que esteas en contacto con certos públicos? Alimenta temáticas na túa escrita? Non contribúe en nada e rouba tempo valioso?*

*Estas preguntas axudan a valorar a interacción entre as profesións e tamén a situación sociolaboral máis concreta con respecto a diversos vectores de opresión (clase social, precariedade, etc.) e xénero.*

- ❖ *Por que se viu reducido o tempo de dedicación á escrita durante a pandemia?*

*Esta pregunta precisa ser analizada tamén dende as circunstancias do privado, tendo en conta que foron as persoas menores de 56 anos e mulleres (é dicir, aquelas que están na idade central dos ciclos do coidado) as que viron reducido o tempo de escrita mentres que os homes, beneficiarios directos do ciclo feminizado dos coidados, e sobre todo os maiores de 56 anos, aumentaron a súa dedicación.*

- ❖ *Asumen con frecuencia que debes participar en actos literarios (deixando fóra disto as presentacións da obra propia) de xeito gratuíto?*

*A minusvalorización do traballo das autoras en particular tamén pode amosarse nunha falla de remuneración en actos de diversa índole, que é relevante comparar con cantas veces piden a homes realizar actividades literarias sen remuneración.*

### **2.3. Visibilidade e apoio**

Nesta sección, dende un punto de vista do enfoque de xénero, é fundamental analizar o papel da crítica e a recepción percibida da obra. En canto ao apoio, tamén cómpre poñer máis énfase na relación co sistema editorial e nas mediadoras da lectura, non só no ensino. Vexamos a seguir algunhas ideas neste sentido.

#### *Recomendacións*

*-Recepción percibida da obra: cómpre incluír algunhas preguntas que nos permitan explorar se os estereotipos de xénero actúan de xeito negativo na visibilidade das obras e nas interaccións con colectivos mediadores e lectorado. Para evitar informacións pouco fiables sería importante que estas preguntas só se dirixisen a aquelas persoas que se identificaron como mulleres e disidentes de xénero:*

- ❖ *Percibiches algunha vez lecturas estereotipadas en canto ao xénero das túas obras? Podes dar algún exemplo?*

*Grazas a esta pregunta podemos saber se as persoas que se dedican á escrita perciben de forma sistemática unha recepción nesgada das súas obras, sexa polas temáticas que tratan ou por elas mesmas como autoras.*

- ❖ *Tiveches algunha vez interaccións coa prensa nas que, no canto de falar da túa obra, a conversa se derivase cara a outros temas como “as mulleres”, “o colectivo*

*LGBT”, ou a túa vestimenta, aspecto ou outros hábitos que nada teñen que ver co literario? Foron estas interaccións, ao teu ver, visibilizadoras ou invisibilizadoras da túa obra e de ti como persoa creadora?*

*Esta pregunta afonda na anterior. Os estudos literarios feministas da recepción e declaracións recorrentes das autoras amosan que moitas veces no canto de centrarse na análise de aspectos literarios, a crítica e mediadoras, sobre todo xornalísticas, focalizan en cuestións difusas que impiden sentir un recoñecemento do traballo que rara vez se nega aos varóns.*

- ❖ *Tiveches algunha interacción incómoda co lectorado ou colectivo mediador? En que sentido se produciu?*

*Con esta pregunta poderíanse detectar situacións de violencia tanto discursiva como doutro tipo. Sabemos por evidencias testemuñais que moitas autoras feministas e/ou persoas do colectivo LGBT son confrontadas con frecuencia con actitudes hostís en espazos como encontros co alumnado ou entrevistas na prensa. Cómpre recoller estas situacións dando espazo para que se expresen as persoas afectadas.*

- ❖ *Algunha vez estiveches en situacións violentas con outras persoas que integran o mundo literario? Fuches excluída/e dalgún espazo por, por exemplo, romper relación con outra persoa do mundo literario?*

*Esta pregunta busca explorar especificamente a violencia que se produce por parte de axentes editoriais e escritores e que con frecuencia interseccionan o público e o privado.*

- ❖ *Tiveches algún caso no que recibises ataques en redes a raíz da túa postura literaria e da túa identidade de xénero ou orientación sexual? Son estes ataques frecuentes?*

*-No caso específico das editoras e doutros elementos do mundo literario concreto cómpre ampliar o foco para recoller certo tipo de situacións discriminatorias específicas das que rara vez se fala.*

- ❖ *Recibiches nalgún momento propostas de índole sexual por parte de persoas que integran o mundo literario, en particular con suxestión dalgunha contrapartida implícita ou explícita? Padeciches algún tipo de consecuencia por rexeitar este tipo de avances?*



*Sabemos de xeito testemuñal que un número non desdeñable de autoras foron obxecto de propostas de índole sexual por parte dalgúns homes que ocupan diferentes lugares no sistema literario. É fundamental comezar a recoller datos deste tipo de situacións para avaliar a exposición ao acoso sexual que padecen as autoras en Galicia.*

- ❖ *Algunha vez rexeitaron as túas obras por motivos que teñen que ver cunha postura abertamente feminista, coa túa identidade de xénero, orientación sexual ou outros eixos de discriminación?*

*Esta pregunta axuda a afondar en por que as autoras/disidentes de xénero publican menos e que obstáculos de xénero existen neste sentido.*

- ❖ *No trato cos editores, adoitas ter potestade para decidir sobre a túa imaxe autorial e aspectos de promoción do libro ou veñen estes impostos polos homes que dirixen a maioría das editoras? Notaches un trato diferente de traballar con editoras mulleres?*

*Sería importante explorar máis este aspecto da masculinización do mundo editorial e como inflúe no nivel de publicación das obras das mulleres e disidentes de xénero. Tamén, nas potenciais diferenzas á hora de traballar con mulleres no mundo editorial.*

#### **2.4. Percepción e valoracións**

Esta sección, como comentarei logo, parece ofrecer a menor información sobre o sistema literario galego. Nese sentido, sería interesante retirala para deixar espazo ao resto de cuestións que se suxeriron nas seccións anteriores. De preservala, sería interesante preguntar que outras mulleres consideran as persoas enquisadas que deberían formar parte do Panteón de Galegos Ilustres ou ser homenaxeadas no Días das Letras.

Tamén sería importante constatar se os autores e autoras/disidentes de xénero reciben o mesmo número de oportunidades de participar nas Feiras do Libro ou actividades semellantes.

### 3. CONCLUSIONES

Como se foi vendo de xeito máis detallado, o Libro Branco ofrece moitas oportunidades aínda non exploradas para achegarnos a unha visión máis consciente das desigualdades de xénero no sistema literario galego. Considerando que as mulleres somos o cincuenta por cento da poboación e que as persoas do colectivo LGBT seguimos ocupando unha posición de invisibilización moi grande, non son estes temas menores nin adicionais, senón que deben formar parte da estrutura e enfoque mesmo do Libro.

Neste informe propuxéronse aspectos de tipo práctico que deben complementarse cun uso máis coidado da linguaxe, tentando diferenciar ao máximo posible para dar os datos, mais tamén usar formas inclusivas de todas as identidades de xénero. Se cadra unha fórmula interesante para a globalidade, no canto de “escritoras e escritores” pode ser “persoas que se dedican á escrita” (e feminino para falar delas por concordar con persoas). Na desagregación, se se sabe a identidade das persoas que non se identifican nin como homes nin como mulleres, pode especificarse (por exemplo, se son persoas non binarias ou de xénero fluído, segundo elas mesmas se definan) ou, para non establecer a disxuntiva unhas/outras, “disidentes de xénero”.

Para crear espazo para esta análise central, se cadra hai seccións do Libro Branco que non son tan relevantes e que se poden eliminar. Falo en particular da sección dedicada á tradución, que é unha actividade que se demostra que, afortunadamente, en Galicia é realizada por profesionais. Neste sentido, se cadra esta parte non corresponde ao Libro Branco da escrita, senón ao Libro Branco da tradución que se elabora coa asociación do sector, a AGPTI.

Tamén parece de menor relevancia algunha cuestión como a relativa ao Panteón de Galegos Ilustres ou ao Día das Letras Galegas dado que manifestan pouco sobre a situación do colectivo de persoas que se dedican á escrita e máis sobre aspectos de intervención que poden dirimirse nas Asembleas Xerais da AELG.

Esta análise que aquí se propón axudaría a tirar reflexións e conclusións máis vizosas e que axudasen a desenvolver ferramentas baseadas en datos sobre a desigualdade que existe no sistema literario galego e sobre aspectos que fican soterrados e de difícil intervención. Nese sentido, non é só relevante saber que é este un sector precarizado

sobre todo para as mulleres, senón visibilizar tamén as violencias que neste se producen para poder atallalas de xeito eficaz e responsable.